

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TUI

Subvencións e axudas

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS DE EMERXENCIA “REACTIVA II”, DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL DO CONCELLO DE TUI

EDICTO

O Pleno da Corporación deste concello, en sesión de data 25 de marzo de 2021, aprobou as “Bases Reguladoras do Programa Municipal de Axudas Extraordinarias de Emerxencia “Reactiva II” dirixidas ao mantemento do Tecido Empresarial Municipal” e anexos, expoñéndose as mesmas no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello, así como na páxina web do Concello de Tui (www.tui.gal).

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS DE EMERXENCIA “REACTIVA II”, DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL MUNICIPAL

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS DE EMERXENCIA “REACTIVA II”, DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL DO CONCELLO DE TUI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación xerada pola evolución da COVID-19 obrigou ás autoridades públicas a xestionar a crise sanitaria establecendo medidas para protexer a saúde e a seguridade, e estas medidas trouxeron consigo a maior crise económica coñecida. Ante esta situación, as diferentes administracións de Estado, da Autonomía, Deputacións e Concellos puxeron en marcha un plan de rescate para atender os sectores máis afectados.

O Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declarou o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2., o DECRETO 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo RD 926/2020, do 25 de outubro.

A Orde de 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, especificaba no punto 4 do apartado segundo, a aplicación para o Concello de Tui das medidas máis restrictivas dos anexos II e III e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I.



A aplicación de tales medidas supuso o peche, perimetral e illado, do Concello de Tui dende o pasado 7 de novembro de 2020, e o peche, temporal, de establecementos de restauración, como bares, cafeterías, etc. podendo ofertar só recollida no local ou entrega a domicilio.

Esta limitación de entrada e saída de persoas durante máis de 100 días xunto as diferentes limitacións horarias e de aforos da actividade no sector da hostelería incidiron, directamente e de xeito moi prexudicial, na socioeconomía e no Emprego, especialmente, do sector comercial e hosteleiro da cidade.

Unha situación que dificulta e impide en moitos casos, a supervivencia de moitas empresas que se ven privadas de ingresos ou da disposición da liquidez necesaria que lles permita facer fronte ó custos de mantemento da actividade e do persoal, condeándose así ao cesamento temporal ou definitivo da súa actividade e asumindo o impacto directo desta situación que recae sobre o emprego dun xeito ineludible.

A realidade socioeconómica pon de relevo que non só é importante dinamizar e tratar de que se cree o maior número de empresas posible senón tamén deseñar os mecanismos necesarios para que as empresas creadas poidan sobrevivir. Estas empresas son vitais para unha recuperación do emprego e ésta debe ser unha prioridade fundamental.

Con respecto á competencia municipal para o establecemento deste tipo de liñas de subvencións, a Subdirectora Xeral de Réxime Xurídico Local, en informe emitido o 25/09/20 en resposta a petición formulada pola Deputación de A Coruña para a tramitación do programa PEL Reactiva indicou, entre outras cousas, o seguinte: "... en principio non é competencia propia dos concellos o outorgamento deste tipo de axudas que teñen como beneficiarios a microempresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas de cada concello convocante... hai que ter en conta que o artigo 3.3. e) da Lei 5/2014, do 27 de maio, dispón que non se considera exercicio de novas competencias ... a realización de obras, axudas, adquisicións ou subministros de emerxencia a causa de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten á seguridade pública. En consecuencia, e aínda que as axudas propostas non se corresponden con competencias propias nin delegadas dos concellos, non existe obstáculo para que unha entidade local aprobe unha subvención de axuda destinada a paliar determinadas situacións económicas, sempre que estean motivadas e ligadas directamente cos feitos xustificativos do estado de alarma e teñan como prioridade limitar en todo o posible os efectos da crise provocada pola pandemia do coronavirus, e todo iso sempre que no expediente o propio concello acredite que non se pon en risco a sustentabilidade do conxunto da Facenda Municipal."

Sobre a base destes antecedentes, formúlase a presente orde de axudas como medida urxente, puntual e extraordinaria para paliar, na medida do posible, as afeccións económicas que, con motivo da pandemia do COVID-19, soporta o sector empresarial no municipio.

A corporación municipal do Concello de Tui, a través do Plan Municipal para a Reactivación Económica de Tui 2020-21 propón unha nova convocatoria de axudas directas para microempresas e persoas autónomas.



Así mesmo, dende a Deputación de Pontevedra, coa finalidade de habilitar liñas municipais de axudas finalistas aos sectores que non poden normalizar a súa actividade polos peches totais ou parciais aos que se ven sometidos como consecuencia dos recentes rebrotes epidémicos, acordou, en base a modificación das Bases do PLAN CONCELLOS 2021, polo correspondente ao 1% do orzamento provincial, de acordo aos criterios obxectivos de repartimento establecidos na disposición adicional aprobada polo Pleno, incrementar a partida presupuestaria municipal ao Concello de TUI na cantidade adicional de 48.686,86€. na liña 2 do Plan Concellos é que se engadirá a o crédito municipal nestas Bases.

BASE 1ª. OBXECTO E FINALIDADE

1.1. Obxecto e finalidade

O obxecto destas Bases consiste en regular as normas polas que rexerán a convocatoria pública de axudas para os traballadores autónomos, microempresas e pequenas empresas cuxo domicilio fiscal e local comercial afecto a actividade radique no termo municipal de Tui e cumpla os requisitos que se establecen nas presentes bases.

A finalidade destas axudas é paliar o impacto na actividade económica que supuxo o peche perimetral e illado do Concello de Tui, ordenado polo DECRETO 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 da Xunta de Galicia, a través da achega de liquidez ás empresas e autónomos da cidade para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e o emprego e amortecer a redución drástica de ingresos.

BASE 2ª. RÉXIME XURÍDICO

2.1. Regulación legal

O marco normativo está constituído polas seguintes leis e disposicións legais que se nomean a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 e abril, reguladora das bases de réxime local e RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións xunto co RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais disposicións aplicables e as restantes normas de dereito administrativo, respectando, en todo caso o establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e o Real Decreto Lei 5/2018, de 27 de xullo de medidas urxentes para a adaptación do Dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos.
- Bases de execución do orzamento municipal do 2021 para o exercicio 2021.

2.2. Réxime de mínimos

As axudas que se concedan estarán sometidas ao réxime de mínimos, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, do 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

2.3. Concorrenza

A concesión da subvención regulada nesta convocatoria realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia isto é, terase en conta a orde temporal de entrada da solicitude ata terminar o crédito orzamentario destinado a esta finalidade e sen prexuízo dos disposto na Base 3ª en relación coa posibilidade de ampliación do crédito.

2.4. Publicación

As Bases reguladoras desta subvención publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, conforme ao artigo 9.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e, así mesmo, no Portal de Internet do Concello de Tui, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Posteriormente, o extracto da convocatoria publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, cuxa publicación iniciará o prazo de presentación de solicitudes a partir do primeiro día hábil seguinte.

O acordo de resolución será obxecto de publicación no Portal de Internet do Concello de Tui (taboleiro de edictos electrónico) e na Base de Datos Nacional de Subvencións, fornecendo esta publicación os efectos da notificación. Conforme ao artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro,



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

Xeral de Subvencións, deberase remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da citada Lei.

Os beneficiarios deberán, así mesmo, dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

A súa tramitación realizarase por medios electrónicos en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das presentes bases reguladoras.

BASE 3ª. CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 238.686,86 € dos cales, 190.000,00 € corresponden a aportación municipal do Concello de Tui, e 48.686,86 € corresponde a achega da Deputación de Pontevedra correspondentes a cantidade adicional da liña 2 do Plan Concellos para o Concello de Tui.

As axudas financiaranse con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

- *Convocatoria de axudas para gastos correntes. Liña 1.* Destinase un importe total de 208.686,96 €. dos cales 160.000,00 € corresponden a aportación municipal, partida orzamentaria 433.47900.95 e 48.686,86 € corresponde a Deputación de Pontevedra, partida orzamentaria 433.47900.01.
- *Convocatoria de axudas para gastos de inversión. Liña 2.* Destinase un importe total de 30.000,00 €, partida orzamentaria 433.77100.95.

Este crédito, por depender dun incremento do importe do crédito orzamentario dispoñible nas aplicacións orzamentarias detalladas, queda condicionado á declaración da súa dispoñibilidade antes de proceder á concesión das axudas por este importe adicional.

En aplicación do artigo 58 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, contéplase a posibilidade dunha contía adicional, cuxa aplicación á concesión destas subvencións non requirirá dunha nova convocatoria na medida en que a ampliación non implique un cambio en canto á competencia do órgano para a súa aprobación.

En todo caso, considerárase dispoñible o crédito sobrante en calquera das aplicacións descritas que poderá transferirse a outra partida e, de esta maneira, ampliar o crédito da mesma, con excepción da partida correspondente a aportación da Deputación que se aplicará exclusivamente a gasto corrente.



Tendo en conta o obxecto e finalidade das presentes axudas, o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concurrencia non competitiva para todos os solicitantes que cumpran as condicións e ata finalizar o crédito dispoñible.

As axudas serán compatibles con calquera outra para a mesma finalidade sempre que o importe total subvencionado non supere o gasto total realizado e xustificado.

BASE 4ª. REQUISITOS. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán solicitar as subvencións previstas nas presentes Bases aquelas persoas, físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou ben, outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que se trate dunha actividade empresarial, excepto aquelas actividades incluídas no epígrafe CNAE 9200. Actividades de xogos de azar e apostas.

b) Que a actividade sexa desenvolvida por unha persoa física (traballador autónomo), unha microempresa ou pequena empresa.

As microempresas son aquelas definidas conforme ao Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de euros.

Terán a consideración de traballadores autónomos beneficiarios aqueles que tributen mediante o sistema de módulos ou ben os que tributando en estimación directa non superen un millón de euros de importe neto de cifra de negocio anual casa 01 modelo 130 ou equivalente que acredita o importe anual).

c) Que sufriran unha baixada de facturación igual ou superior o 30%, no último trimestre do ano 2020 con respecto ao mesmo periodo do ano 2019.

No caso de non poder realizarse a comparativa anterior por tratarse dunha empresa creada no ano 2020, terase en conta o anterior trimestre do ano 2020 ou aquel de maior facturación aos efectos de acreditar este extremo.

d) Que teña o seu domicilio fiscal no termo municipal de Tui.

e) Que a actividade empresarial exérzase nun local comercial ou negocio, específico e aberto ao público, situado no termo municipal de Tui.

f) Que o suxeito solicitante estea exento do Imposto de Actividades Económicas no exercicio fiscal de 2020, extremo que se comprobará a través do último padrón aprobado.



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

g) Que estea dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal de Administración Tributaria no momento da presentación da solicitude.

h) Que non se atope incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e ,en particular, que estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) no momento da presentación da solicitude, e con ATRIGA e co Concello de Tui.

Non terán a condición de beneficiarios as persoas ou entidades que teñan subvencións pendentes de xustificación con Concello de Tui, unha vez transcorrido o prazo para elo.

BASE 5ª. CRITERIOS E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Para os efectos de concesión das subvencións previstas nas presentes Bases terase en conta a orde temporal de entrada das solicitudes que reúnan todos os requisitos.

Establécese un límite máximo de subvención do 100% do total do gasto subvencionable cos límites seguintes por empresa/beneficiario:

- Persoa traballadora autónoma sen traballadores a cargo: ata un máximo de 1.000 Euros.
- Autónomos e microempresas con ata 5 traballadores a cargo: ata un máximo 1.200 Euros.
- Autónomos e microempresas, con entre 6 e 10 traballadores a cargo: ata un máximo 1.500 Euros.

En ningún caso o importe das axudas concedidas ao amparo da presente convocatoria poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións concedidas por outras Administracións ou Entes Públicos ou Privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do obxecto subvencionable.

BASE 6ª. GASTOS SUBVENCIONABLES

LINEA 1.- Gastos correntes

Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Gastos de alugueiro do local ou instalación.
- Gastos de arrendamento de maquinaria e/ou vehículos.
- Servizos profesionais independentes; xestoría, asesoría e consultoría.
- Gastos de suministro de auga, luz, gas e teléfono.
- Primas de seguros; seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Vinculados co exercicio da actividade económica.
- Mantemento de comunicacións: teléfono, internet, correos, mensaxería.



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

LINEA 2. Axudas para financiar inversión

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles gastos de inmovilizado seguintes:

- Cotas de préstamos hipotecarios para compra do local comercial, excluindo, para este caso os intereses e /ou comisión bancarias (únicamente é subvencionable a amortización do capital financeiro).
- Axudas para financiar investimentos para acondicionamento de locais comerciais polos efectos do COVID-19 e para lograr espazos máis seguros.
- Compra de Equipos de purificación de aire con filtro HEPA.

Os efectos do previsto nas presentes bases, consideraranse subvencionables todos os gastos efectivamente realizados dende a aplicación o Concello de Tui da ORDE do 4 de novembro de 2020 que limitou dende o 7 de novembro de 2020 ás 00.00 horas a entrada e saída de persoas no ámbito territorial do Concello de Tui ata a data de finalización do prazo de presentación desta axuda. Polo tanto, o período de imputación de gastos a esta subvención será dende o 07/11/2020 ata a data límite otorgada polo Concello de Tui para solicitar as axudas que rixen estas bases.

A solicitude poderá realizarse a unha soa liña ou as dúas, non debendo superar, en ningún caso a cantidade total que corresponda.

BASE 7ª.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes para participar no presente procedemento haberán de presentarse no prazo de quince días hábiles, a contar dende o día hábil seguinte á publicación do extracto no BOPO de conformidade co procedemento establecido no art. 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Da devandita publicación darase información no Portal de Internet do Concello de Tui.

As solicitudes deberán formularse no MODELO DE SOLICITUDE NORMALIZADO para a obtención das subvencións que constarán na convocatoria que se poderán descargar na web do Concello de Tui (www.tui.org) e deberán acompañarse da documentación complementaria.

As solicitudes, presentaranse por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Tui, <https://concellotui.sedelectronica.gal/info.0>, conforme ao artigo 16 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

Documentación:

1) Solicitude (segundo modelo normalizado) que deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal que inclúe:



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario, segundo o art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Declaración responsable onde se sinala que cumpre co establecido no art. 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Declaración doutros ingresos ou subvencións que tamén financien a actividade subvencionada (indicando, de ser o caso, importe e procedencia) e declaración en relación a axudas mínimas percibidas pola entidade ou persoa solicitante, indicando procedencia, ano e importe.

É obrigatorio presentar, no momento da solicitude, a xustificación dos gastos subvencionados e o resto da documentación esixida nestas bases.

2) Documentación complementaria (acompañando á solicitude):

2.1 En caso de persoa física:

- a) DNI polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte.
 - b) Certificado actualizado de Situación Censual Actualizado.
 - c) Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.
 - d) Informe de Vida Laboral da Empresa expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social a data 07/11/2020.
 - e) Informe da media de traballadores da empresa expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social a data 07/11/2020.
 - f) Documento acreditativo da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.
 - g) Facturas que acrediten os gastos imputados a esta convocatoria de axudas e os xustificantes bancarios do pagamento correspondentes.
 - h) Se o gasto subvencionado corresponde a alugueiro, terase que presentar o contrato de alugueiro do local e se corresponde a préstamo hipotecario o contrato do mesmo; ademais deberán presentar as facturas correspondentes ao período subvencionable e xustificantes bancarios do seu pagamento.
- No caso de préstamos hipotecarios, deberán presentar documentación no que se demostre a desagregación da amortización do capital financeiro, dos intereses e/ou comisión bancarias.
- i) Xustificante da redución igual ou superior ao 30% da facturación do cuarto trimestre do ano 2020.



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

A baixada de facturación acreditarase con calquera das seguintes modalidades:

1) Estimación directa: mediante a declaración de IVE anual (modelo 390) dos anos 2019 e 2020 ou declaracións trimestrais de IVE (modelos 303), declaración trimestral do IRPF (modelo 130) do IV trimestre do ano 2019 co IV trimestre do ano 2020.

2) No caso de que as persoas ou entidades solicitantes tributen no réxime de estimación obxectiva ou módulos, a diminución de facturación establecida no artigo 18 deberase acreditar coas copias, referidas aos períodos de comparación, do libro de facturas emitidas e recibidas, ou libro diario de ingresos e gastos, ou libro de rexistro de vendas e ingresos, ou o libro de compras e gastos, ou calquera outra forma admitida en dereito para acreditar a diminución na facturación, como poden ser, entre outros e tendo en conta a actividade económica, a presentación de descenso de consumo de enerxía eléctrica, copia do rexistro de caixa ou cobros e pagos por TPV, ou calquera outro medio, dos anos 2019 e 2020.

2.2 En caso de persoas xurídicas, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

a) CIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

b) Certificado actualizado de Situación Censual actualizado.

c) Escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro. No seu caso, contrato de constitución da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

d) Acreditación de poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.

e) DNI polas dúas caras ou NIE da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma.

f) Informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social de todas as persoas autónomas adscritas á entidade solicitante.

g) Informe da media de traballadores da empresa emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social a data 07/11/2020. En caso de non poder presentar este documento, habería que presentar a inexistencia de Código de Conta de Cotización da empresa.

h) Informe de Vida Laboral da Empresa expedido pola Tesouraría xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores a data de 1 de decembro de 2020. En caso de non ter informe de Vida Laboral da Empresa, o xustificante acreditativo de non posuílo.

i) Documento acreditativo da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

j) Facturas que acrediten os gastos imputados a esta convocatoria de axudas e os xustificantes bancarios de pago correspondentes.

k) Se o gasto subvencionado corresponde a alugueiro, terase que presentar o contrato de alugueiro do local e se corresponde a préstamo hipotecario, o contrato do mesmo; ademais deberán presentar as facturas correspondentes ao período subvencionable e xustificantes bancarios do seu pagamento.

No caso de préstamos hipotecarios, deberán presentar documentación no que se demostre a desagregación da amortización do capital financeiro, dos intereses e/ou comisión bancarias.

l) Xustificante da redución igual ou superior ó 30% da facturación do cuarto trimestre do ano 2020.

A baixada de facturación acreditarase con calquera das seguintes modalidades:

1) Estimación directa: mediante a declaración de IVE anual (modelo 390) dos anos 2019 e 2020 ou declaracións trimestrais de IVE (modelos 303), declaración trimestral do IRPF (modelo 130) do IV trimestre do ano 2019 co IV trimestre do ano 2020.

2) No caso de que as persoas ou entidades solicitantes tributen no réxime de estimación obxectiva ou módulos, a diminución de facturación establecida no artigo 18 deberase acreditar coas copias, referidas aos períodos de comparación, do libro de facturas emitidas e recibidas, ou libro diario de ingresos e gastos, ou libro de rexistro de vendas e ingresos, ou o libro de compras e gastos, ou calquera outra forma admitida en dereito para acreditar a diminución na facturación, como poden ser, entre outros e tendo en conta a actividade económica, a presentación de descenso de consumo de enerxía eléctrica, copia do rexistro de caixa ou cobros e pagos por TPV, ou calquera outro medio, dos anos 2019 e 2020.

No caso que a persoa física, xurídica, comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade sen personalidade xurídica, que realice a solicitude de subvención tivese concedido un adiamento/ fraccionamento de débedas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria ou coa Tesouraría Municipal, deberá presentar coa solicitude, a resolución de concesión do mesmo xunto ao último certificado de carecer de débedas posterior á concesión do adiamento.

Declaración responsable asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que o local do desenvolvemento da actividade se atopa no termo municipal de Tui con domicilio fiscal de Tui.
- Que a actividade realizada ten unha redución igual ou superior ao 30% da facturación no cuarto trimestre do ano 2020 con respecto o mesmo periodo do ano 2019.
- Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

- Que a persoa solicitante comprométese a declarar as axudas de mínimos que lle foron concedidas por calquera proxecto durante os tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara, ou, de ser o caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar o máis axiña.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.
- Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita lei.
- Que está ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e coa Seguridade social (por tratarse de contías a outorgar a cada beneficiario que non superan os 3.000 €)

BASE 8ª.- INSTRUCCIÓN E PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN.

A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.2 e 23 a 28 da LXS.

Instrucción:

Recibidas as solicitudes o departamento competente levará a cabo a instrucción do procedemento e encargarse de revisar os expedientes de solicitude e verificará que conteñan toda a documentación esixida.

Nomearase unha Comisión de valoración, encargada da avaliación das solicitudes e emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma.

Para estes efectos a Comisión de valoración estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: un técnico municipal de área de Emprego.
- Vogais: un/ha técnico ou funcionario municipal da área de Intervención e un/ha técnico ou funcionario da área de Tesourería.
- Secretaría da comisión avaliadora (con voz e voto): un/ha técnico da área de Emprego.

Procedemento de concesión:

Realizarase a través de convocatoria pública, seguindo o procedemento de concorrencia non competitiva, en réxime de avaliación individualizada, comprobando que os solicitantes cumpren coa totalidade dos requisitos establecidos e tamén coa documentación recollida nas bases reguladoras e na súa convocatoria, tramitándose a súa concesión por estrito orde de rexistro de entrada (data e hora) das solicitudes completas e correctas.



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

No caso de non presentar nunha solicitude a documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a data e hora da última presentación relativa á devandita solicitude.

Unha vez analizadas todas as solicitudes, o órgano competente emitirá listado provisional de Admitidos e Excluídos. Este listado publicarase para os efectos de notificación as persoas interesadas na páxina Web municipal e a través do taboleiro de anuncios electrónico do Concello, e contemplará o motivo da exclusión de cada unha das solicitudes non admitidas.

Unha vez que se publique este listado, as persoas ou entidades excluídas disporán dun prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación, para que aleguen o que no seu dereito consideren oportuno, ou de ser o caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida.

Trascorrido o prazo de presentación de alegacións, o órgano instructor procederá a emitir listado definitivo de admitidos e excluídos desta convocatoria de axudas e á súa posterior publicación.

Resolución do órgano competente

O órgano competente para a adxudicación das axudas será a Xunta de Goberno local que adoptará acordo para a concesión da subvención e posteriormente realizarase o pago da mesma, unha vez que devandito pago fose autorizado polo Alcalde do municipio.

A notificación do acordo de Xunta de Goberno local, xunto coa transferencia correspondente á axuda concedida, trasladarase aos beneficiarios aos que se vaia a realizar o pago nun prazo máximo de dez días naturais dende a data do acordo.

O prazo máximo para a resolución do procedemento será de seis meses, dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que recaía resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo.

Naqueles casos en que o beneficiario obtivese unha subvención anterior para a mesma finalidade e esta fose incompatible coa da presente orde de axudas, a resolución de concesión por parte da Xunta de Goberno local do Concello de Tui condicionará os seus efectos á presentación por parte do beneficiario da renuncia á subvención previamente obtida, así como no seu caso, do reintegro dos fondos públicos que percibise (artigo 33.1 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións). Do mesmo xeito, o beneficiario da subvención no marco da presente orde de axudas poderá renunciar á mesma se posteriormente concedéseselle outra subvención para a mesma finalidade e incompatible coa primeira. Para iso, deberá presentar no rexistro do Concello un escrito de renuncia á subvención nun prazo máximo de dous meses desde a data da resolución de concesión da axuda.

O Concello de Tui pola súa banda, procederá esixir o reintegro da subvención cando teña coñecemento de que un beneficiario percibiu outra ou outras subvencións incompatibles coa outorgada sen efectuar a correspondente renuncia.



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

BASE 9ª. OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

a) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.

b) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

c) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e as bases de execución do orzamento do Concello de Tui.

d) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

e) Dar publicidade do financiamento do Concello de Tui e da Deputación de Pontevedra.

BASE 10ª. XUSTIFICACIÓN E PAGO DAS AXUDAS.

O aboamento da subvención levarase a cabo mediante un pago único, previa comprobación de que a documentación xustificativa presentada é a correcta de conformidade co obxecto da subvención, e tendo en conta que ésta xa deberá formar parte da documentación que acompaña á solicitude.

O pagamento destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución definitiva de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

No caso de incumprimento das obrigas detalladas nesta convocatoria, o órgano xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

BASE 11ª. REINTEGRO DAS SUBVENCIONS.

Procederá a revogación das subvencións reguladas nas presentes bases, así como o reintegro total ou parcial do importe percibido, cando cumpra, de acordo co disposto no Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o Título III do seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

BASE 12ª. RECURSOS E IMPUGNACIÓNS.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra as mesmas cabe a interposición de recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso administrativa. Poderase formular, así mesmo, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditase a resolución impugnada, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa e na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

BASE 13ª. PROTECCIÓN DE DATOS ACHEGADOS COA SOLICITUDE

O tratamento dos datos persoais achegados polas persoas solicitantes ao Concello de Tui, fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Concello de Tui determinará a exclusión da persoa interesada no procedemento.

BASE 14ª. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Estas axudas son compatibles con calquera outra subvención, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, autonómica, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais. En ningún caso o importe da subvención unido ao de outras posibles axudas, para a mesma finalidade, poderán superar o 100% do gastos correntes nos que se teña incorrido e imputado nesta convocatoria de axudas.

DISPOSICIÓN FINAL.

A participación na convocatoria suporá a aceptación destas bases reguladoras específicas.

Será de aplicación, en todo aquilo que non se regulase nestas bases a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE n.º 276, de 18 de novembro de 2003), na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG» núm. 121, do 25 de xuño de 2007), no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (BOE n.º 176, de 25 de xullo de 2006) e demais normativa concordante e de pertinente aplicación.



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

REACTIVA II - 2021

1. SOLICITUDE

A. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE	
DNI/ CIF:	Apelidos e nome/ Razón social
Enderezo:	
Municipio:	Código Postal:
Teléfono	Correo electrónico
B. DATOS DO ESTABLECEMENTO OU LOCAL	
Nome comercial:	
Actividade económica:	
CNAE nº:	
Enderezo fiscal:	
Número de traballadores:	
..... de de 2021.	
Asdo.: (O interesado/a/representante legal)	
De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivados dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.	



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

SOLICITUDE (CONTINUACIÓN)

EXPÓN

Que, vista a **CONVOCATORIA DO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS DE EMERXENCIA “REACTIVA II”, DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE TUI – 2021**,

Considerando reunir os requisitos esixidos, segundo amosan os documentos que se achegan, e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, declara coñecer as obrigas como beneficiario/a (art. 14 da Lei 38/2003 XS).

SOLICITA

Unha subvención por importe total de €, tendo en conta a cantidade máxima subvencionable.

Nº ORDEN	LINEA	CONCEPTO DO GASTO	DATA FACTURA	DATA DE PAGO	IMPORTE
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
					TOTAL

....., de de 2021.

Asdo.: (O interesado/a/representante legal)

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivados dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: OJF07MQ05K0FET5



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

2. DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A ESTA SOLICITUDE (MARCAR SÍ/NON).

En caso de persoas físicas:

- DNI polas dúas caras ou NIE, acompañado do pasaporte, se o indica.
- Certificado actualizado da Situación Censal que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e o do local de desenvolvemento da actividade.
- Resolución ou certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou na Mutua profesional correspondente.
- Documento acreditativo da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.
- Informe de vida laboral empresarial na data indicada nas bases reguladoras.
- Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS) con ATRIGA e de non ter débedas pendentes co Concello de Tui ou no seu caso, autorización para que o Concello consulte dita información.
- Facturas orixinais ou copias compulsadas e xustificantes bancarios que acrediten a realización dos gastos subvencionables dentro do periodo establecido.
- Contrato de arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva á actividade e xustificante bancario do pago da renda correspondente.
- Xustificante da redución da facturación de igual ou superior ao 30% a través de algún dos seguintes modelos:
- Modelo 390 dos anos 2019 e 2020
 - Modelo 303 dos anos 2019 e 2020
 - Modelo 130 IV trimestre dos anos 2019 e 2020
 - Outros documentos.

En caso de persoas xurídicas, cooperativas, sociedades civís, comunidades de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

- NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- Certificado actualizado da Situación Censal da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e, no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade.
- Escritura de constitución e estatutos da persoa xurídica actualizados e inscritos no Rexistro competente; no seu caso, contrato de constitución debidamente rexistrado da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude, en caso de non ser a mesma.
- DNI polas dúas caras ou NIE, acompañado polo pasaporte, se o indica, da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude, en caso de non ser a mesma.
- Alta no Réxime especial de Traballadores Autónomos.
- Documento acreditativo da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.
- Informe de vida laboral empresarial na data indicada nas bases reguladoras.



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

_____ Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS) con ATRIGA e de non ter débedas pendentes co Concello de Tui ou, no seu caso, autorización para que o Concello consulte dita información.

_____ Contrato de arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva á actividade e xustificante bancario do pago da renda correspondente.

_____ Certificado emitido pola Seguridade Social no que conste o número medio de traballadores no ano 2020 e último modelo 200 ou equivalente presentado do Imposto de Sociedades.

_____ Facturas orixinais ou copias compulsadas e xustificantes de pago bancario que acrediten a realización dos gastos subvencionables dentro do periodo establecido.

_____ Xustificante da redución da facturación de igual ou superior ao 30% a través de:

- Modelo 390 dos anos 2019 e 2020
- Modelo 303 dos anos 2019 e 2020
- Modelo 130 IV trimestre dos anos 2019 e 2020
- Outros documentos.

..... de de 2021.

Asdo.: (O interesado/a/representante legal)

3. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña:
Con DNI número:
Na súa condición de:
Tendo solicitado ao Concello de Tui participar na CONVOCATORIA DO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS DE EMERXENCIA "REACTIVA II", DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE TUI – 2021

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

1. Que a actividade desenvolvida pola empresa que represento ten unha redución igual ou superior ao 30% da facturación realizada nos último trimestre do ano 2020, respecto ao mesmo periodo do ano anterior (2019).
2. Que a persoa solicitante reúne os requisitos regulados nas presentes bases en canto ao número de traballadores, réxime de tributación e importe neto anual de cifra de negocios e está exenta do pago do Imposto de Actividades Económicas.
3. Que o local de Desenvolvemento da actividade se atopa no termo municipal de Tui e ten o domicilio fiscal en Tui.
4. Que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS) con ATRIGA e non ten débedas pendentes co Concello de Tui.
5. Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro e, en concreto, nos apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
6. Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigacións das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
7. Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar, o máis axiña posible, as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da súa resolución e fin do prazo de xustificación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: OJF07MQ05K0FET5



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

8. Que, en caso de tratarse dunha comunidade de bens, cooperativas, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica, non se disolverá ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita lei.

9. Que está ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e coa Seguridade Social (por tratarse de contías a outorgar a cada beneficiario que non superan os 3.000 €).

En de de 2021.

Asdo.: (O interesado/a/representante legal

DECLARACIÓN RESPONSABLE DOUTRAS AXUDAS
D./Dña:
Con DNI número:
Na súa condición de:
Tendo solicitado ao Concello de Tui participar na CONVOCATORIA DO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS DE EMERXENCIA "REACTIVA II", DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE TUI – 2021

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1.- Que en relación a outras axudas concedidas ou solicitadas:

_____ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

_____ Solicitou e/ou se lle concedeu outra axuda para esta mesma finalidade ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE	DISPOSICIÓN REGULADORA

2.- Que en relación coas axudas de minimis:

_____ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda de minimis

_____ Solicitou e/ou se lle concederon axudas de minimis, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE	DISPOSICIÓN REGULADORA

Tui,de de 2021

Asdo.: (O interesado/a/representante legal)



Martes, 11 de maio de 2021

Núm. 88

4. AUTORIZACIÓNS

AUTORIZO O CONCELLO DE TUI para que solicite, en calquera momento da tramitación da subvención, certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social e co Concello de Tui, e a súa situación no censo de actividades económicas da AEAT.

SI

NO

Tui,de de 2021

Asdo.: (O interesado/a/representante legal)

Tui, O alcalde

Enrique Cabaleiro González

Documento asinado dixitalmente á marxe.

